



## Concello de A Pobra do Caramiñal

### PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018 E FIXACIÓN DO TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO VINCULADO A UNHA CUESTIÓN DE CONFIANZA

**VISTO** que na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26 de abril de 2018, foi debatido o punto da orde do día relativo á aprobación inicial do orzamento xeral da Corporación para o exercicio 2018, non obtendo a maioría necesaria para a súa aprobación.

**CONSIDERANDO** a facultade recollida no artigo 197.bis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e que atribue ao Alcalde a posibilidade de presentar perante o Pleno da Corporación unha cuestión de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos anuais (art. 197.bis regra 1.a).

**CONSIDERANDO** que se cumpren os requisitos recollidos no citado artigo 197.bis LOREG, concretamente os relativos ao previo debate e votación do asunto vinculado á cuestión de confianza, ao non plantexamento de mais dunha cuestión de confianza ao ano desde o inicio do mandato nin mais de dous durante a duración do mesmo, e que esta se presenta con anterioridade á entrada no último ano de mandato.

Por todo o anteriormente exposto, e vista a necesidade de proceder á aprobación do orzamento municipal para o actual exercicio 2018, en virtude do recollido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no RD 500/1990, do 20 de abril, **Propoño ó Pleno do Concello** que, previa deliberación e exame do expediente, aprobe a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Que o Pleno outorgue a confianza á Alcaldía, e en consecuencia aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2018, segundo o seguinte detalle por capítulos:

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

##### A) INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULOS:

CAP.	DENOMINACION	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.737.487,59 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	81.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS	1.223.619,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.608.532,79 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	66.282,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.752.317,50 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	1.128.709,26 €
	<b>TOTAL</b>	<b>9.602.948,14 €</b>

## Concello de A Pobra do Caramiñal



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### B) GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULOS:

<b>CAP.</b>	<b>DENOMINACION</b>	<b>IMPORTE</b>
1	GASTOS DE PERSOAL	3.104.708,00 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERV.	2.835.890,07 €
3	GASTOS FINANCEIROS	31.837,48 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	309.000,00 €
6	INVERSIONS REAIS	3.142.814,03 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	154.467,96 €
	<b>TOTAL</b>	<b>9.583.717,54 €</b>

**SEGUNDO: Aprobar o límite de gasto non financeiro** por importe de 7.422.771,56 €, de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

**TERCEIRO: Aprobar o cadro de persoal** do Concello para o ano 2018, que consta incorporado ao expediente.

**CUARTO: Aprobar igualmente as Bases de Execución** para o desenvolvemento do Orzamento municipal.

**QUINTO.-** Á entrada en vigor do Orzamento anularanse aquelas modificacións orzamentarias aprobadas durante a vixencia do orzamento prorrogado sempre que estivesen incluídas nas previsións iniciais deste Orzamento.

**SEXTO.-** Dispoñer a súa exposición ó público polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

---

**Concello de A Pobra do Caramiñal**